



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 18 DE ABRIL DE 2016

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día dezaioito de abril de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 445 de data 18 de marzo de 2016: don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Maria Jesús Gómez González, don Ramón Boga Moscoso e dona Josefa Vázquez Soto.

Faise constar que asiste á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión ordinaria de data 11 de abril de 2016 e sesión extraordinaria e urxente do día 13 de abril de 2016

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 11 de abril de 2016 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

Igualmente, o señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 13 de abril de 2016 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

2º.- Boletíns e correspondencia

- R.P. 2016/7576- Resolución do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa F0202: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de investimentos culturais, ano 2016. Figura como beneficiario o Concello de Cambre, co obxecto "sistema de calefacción para a biblioteca Xabier P. Docampo" cun importe de subvención de 4.997,58 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 71, do 15 de abril de 2016).



- Resolución do 5 de abril de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 72, do 15 de abril de 2016).
- Resolución do 5 de abril de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 72, do 15 de abril de 2016).
- Orde do 21 de marzo de 2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2016 para a adxudicación de equipamento de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos Galegos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. (Diario Oficial de Galicia número 71, do 14 de abril de 2016).
- Orde do 21 de marzo de 2016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da comercialización da artesanía galega e impulso da competitividade do sector artesán, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (código de procedemento IN201G). (Diario Oficial de Galicia número 69, do 12 de abril de 2016).

3º.- Expedientes de contratación

- Devolución do aval definitivo depositado para garantir a execución da obra denominada "Renovación do firme nas rúas Monier, Zeppelin e Marconi, Polígono Industrial Espiritu Santo", cofinanciada con fondos europeos Feder, ao abeiro do establecido na Orde do 16 de xaneiro de 2014, da Consellería de Economía e Industria, (DOG nº 15 do 23/01/14). Expediente: 2014/C003/000002

Visto o escrito presentado por don Alberto López Martín, con DNI 11.947.097-T en representación de "Francisco Gómez y Cía, S.L.", con CIF nº 15009533 e domicilio no lugar A Mina, s/n, 15822 Touro – A Coruña, rexistrado ao número 0/10533, con data 23 de novembro de 2015, no que solicita se lle devolva o aval número 08102-00903 de data 2 de setembro de 2014 da entidade "Banco Pastor, S.A." por importe de 4.460,00 euros, depositado na Tesourería municipal o día 18/09/2014 para garantir a execución da obra denominada "Renovación do firme nas rúas Monier, Zeppelin e Marconi, Polígono Industrial Espiritu Santo". Expediente 14/23-4 OB - 2014/C003/000002.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a data da recepción da obra, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o concello fixese ningunha obxexión ou re-



para, este segundo informe favorable emitido pola enxeñeira de obras públicas municipal coa data do 23 de novembro de 2015.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 11 de abril de 2016.

A teor do establecido nos arts. 102, 222.3 e 235.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei dos contratos do sector público,

Visto o informe-proposta emitido pola técnica de xestión de administración xeral, responsable de Contratación, de data 14 de abril de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, acordou:

Primeiro: Devolver o aval definitivo depositado pola entidade Francisco Gómez y Cía, S.L., no expediente número 14/23-4 OB - 2014/C003/000002.

Segundo: Notificar o presente acordo ao interesado e máis aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos."

- Proposta de cambio do responsable do contrato de "Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das gabias de titularidade municipal no Concello de Cambre". Expediente 2015/C004/000006

Visto o expediente incoado co nº. 2015/C004/000006, para a adxudicación, por procedemento aberto multicriterio, do "Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das gabias de titularidade municipal no Concello de Cambre".

Visto que, por resolución do Sr. Alcalde nº 1233/2015, do día 17 de xullo de 2015, adxudicouse o servizo á entidade "Ingeniería Medioambiental de Galicia, S.L.", designando responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, todo isto de conformidade co establecido no artigo 52 do Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público, e cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato.

Visto o informe-proposta emitido polo enxeñeiro de camiños municipal, xefe da Sección de Servizos, con data do 4 de abril de 2016, no que se indica que, debido á nova organización administrativa, resultante das Resolucións da Alcaldía de data 18 de marzo de 2016, e co fin de organizar internamente a Sección de Servizos, dividindo as responsabilidades de cada un dos técnicos por razón da materia, estímase que a enxeñeira técnica de obras públicas asumirá competencias en obras civís e servizos vinculados, e o enxeñeiro técnico industrial en medioambiente, instalacións e temas relacionados cos edificios e procesos industriais.

Visto que, no antedito informe-proposta, o enxeñeiro de camiños municipal manifesta que o servizo de limpeza, roza e desherbado das gabias é un tema medioambiental, polo que se propón un cambio na designación do responsable de contrato do "servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual das gabias de titularidade municipal no Concello de Cambre",



que pasaría a ser, de acordo coa nova distribución de competencias da Sección, don Ignacio Fernández Díaz, enxeñeiro técnico industrial municipal.

Vista proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, de data 13 de abril de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión, acordou:

Primer: Modificar a designación efectuada na Resolución da Alcaldía nº 1233/2015, do día 17 de xullo de 2015, no sentido de designar como responsable do contrato do servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual, das gábias de titularidade municipal no Concello de Cambre, (exp. 2015/C004/000006), para os efectos previstos no artigo 52 do RD Legislativo 3/2011 (Texto refundido da Lei dos contratos do sector público), ao enxeñeiro técnico industrial municipal don Ignacio Fernández Díaz, (quen substituirá á enxeñeira técnica de obras públicas municipal anteriormente designada), polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, todo esto de conformidade co establecido no artigo 52 do TRLCSP e cláusula 18 do prego administrativo, e segundo a proposta formulada polo enxeñeiro de camiños municipal, xefe da Sección de Servizos, de data 4 de abril de 2016.

Segundo: Notifica-lo presente acordo ao adxudicatario, así como aos departamentos municipais de Intervención e Servizos, para os efectos oportunos."

4º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 8 ao 14 de abril do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio número 562/2016 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade número 606/2016, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
562/2016	08/04/2016	Conceder a licenza de apertura para o garaxe do edificio sito na rúa Amil, 13-A e 13-B, Cambre, expediente de actividade núm.: 04/04/08
563/2016	08/04/2016	Arquivo de actuacións no expediente número 1/2016 reclamación por danos nunha farola de iluminación pública situada no lugar da Pena da Nosa Señora a altura do nº 4, Cambre
564/2016	08/04/2016	Conceder a licenza de apertura para a actividade de cafetería na rúa Tapia, 26 baixo, O Temple, Cambre. Expediente núm.: 03/03/11. Solicitante: T, S.C.
565/2016	08/04/2016	Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 11 de abril de 2016



566/2016	08/04/2016	Aprobación de cotas de amortización e xuros dos préstamos vixentes do Concello de Cambre marzo e abril
567/2016	08/04/2016	Programa de rutas de sendeirismo VENDE DE MARCHA 2016. XVI edición. Galicia Histórica. Ruta 119
568/2016	11/04/2016	Conceder a licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, rotweiler 941000018505351. Solicitante: IA
569/2016	11/04/2016	Conceder a licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, rotweiler 941000018505348. Solicitante: MCE
570/2016	11/04/2016	Inscripción animal potencialmente perigoso, american staffordshire terrier 941000014457866. Solicitante: FGLO
571/2016	11/04/2016	Conceder a licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos. Solicitante: MEGP
572/2016	11/04/2016	Conceder a axuda vales alimentos. por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MSJF
573/2016	11/04/2016	Conceder a axuda vales alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: AMVV
574/2016	11/04/2016	Denegar a axuda alimentación. Solicitante: SBB
575/2016	11/04/2016	Autorizacións de venda ambulante ocasional na festa da Xuventude de Santa María de Vigo do día 16 de abril de 2016
576/2016	11/04/2016	Conceder a axuda recibo auga por importe de 38,40 euros. Solicitante: GM
577/2016	11/04/2016	Conceder a axuda aluguer por importe de 300 euros. Solicitante: JFABP
578/2016	11/04/2016	Conceder a axuda aluguer. Solicitante: AFMS
579/2016	11/04/2016	Conceder a axuda recibo de luz e gas por importe total de 72,85 euros e recibo de auga por importe de 38,69 euros. Solicitante: DLF
580/2016	11/04/2016	Denegar a axuda alimentación. Solicitante: PARG
581/2016	11/04/2016	Conceder a axuda vales alimentos a por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MJBM
582/2016	11/04/2016	Aprobar o programa de actos, desenvolvemento e orzamento da I Romería Galaico Romana, Cambre 2016 a desenvolver os días 15, 16 e 17 de xullo
583/2016	12/04/2016	Conceder a axuda recibo auga por importe de 66,57 euros. Solicitante: EJJ
584/2016	12/04/2016	Aprobar as bases e convocatoria selección interina de un/ha aparelador por vacante
585/2016	12/04/2016	Desestimación da reclamación patrimonial instruída a instancia de dona MPM por danos ocasionados a consecuencia dunha caída na Rúa Balado ao introducir o pe nun burato existente na calzada.
586/2016	12/04/2016	Puesta en funcionamento de antena de telefonía móvil situada



		na Castellana, Cambre. Propiedad: FTE, S.A.
587/2016	12/04/2016	Expediente de orde de execución 2014/I002/000178 para a subsanación das deficiencias detectadas en finca situada en Quintán, Cecebre.
588/2016	12/04/2016	Expediente de orde de execución 2015/I002/000183 para a poda das árbores existentes en finca situada en Barreira, 13-B, Cambre
589/2016	12/04/2016	om01 - solicita licenza para reestruturación e rehabilitación de vivenda tradicional, demolición de construción auxiliar e restitución da legalidade (2014/I002/112)
590/2016	12/04/2016	Pago de intereses, por importe de 1.745,41 euros, polo retraso na fixación do xustiprezo. Sentenza de 24 de outubro de 2012 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sección terceira de A Coruña. Recurso 8004/2009. Demandantes: José Rostro López e Manuel Pedrouzo Raña.
591/2016	12/04/2016	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 13 de abril de 2016
592/2016	12/04/2016	Conceder a licenza para a ocupación de 6 m ² da vía pública cunha terraza durante o ano 2016 fronte á Pulpeira de Cambre, sita na rúa Pintor Pablo Manzano, núm. 5 baixo, Cambre. Solicitante: M ^a APS
593/2016	13/04/2016	Corrección de erros materiais da Resolución 575/2016, de 11 de abril
594/2016	13/04/2016	Aprobar as facturas, recoñecer as obrigas con reparos da Intervención (GC, SL e máis) por importe total de 87.595,20 euros
595/2016	13/04/2016	Transferencia de crédito nº 4/2016. cursos xvi plan municipal de formación
596/2016	13/04/2016	Devolución de ingresos indebidos pola taxa por ocupación do dominio público con motivo da venda ambulante na feira de Cambre. Solicitante: M ^a delaCBP
597/2016	13/04/2016	Liquidación provisional a HE, S.A, da Taxa polo aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral do exercicio 2012.
598/2016	13/04/2016	Desestimación da reclamación patrimonial instruída a instancia de dona AAGC, na que solicita una indemnización por importe de 600 euros por danos ocasionados a consecuencia dunha caída na Rúa Polígono, á altura do número 15, ao introducir o pe na reixa dun sumideiro.
599/2016	13/04/2016	Expediente de orde de execución 21/29/12 por estado de finca situada no Pinar, Meixigo
600/2016	13/04/2016	Expediente de orde de execución 2015/I002/000006 por estado de finca situada na Pena da Nosa Señora, Cambre
601/2016	13/04/2016	Expediente de orde de execución 21/26/11 por estado de finca



		situada na Rocha, Anceis
602/2016	13/04/2016	Conceder a licenza para a celebración da festa da xuventude o día 16 de abril de 2016 na pista polideportiva situada no lugar de San Roque, parroquia de Santa María de Vigo. Solicitante: AAVV
603/2016	13/04/2016	Aprobar as facturas, recoñecer e liquidar cadansúas obrigas AB, S.L. e máis), por importe total de 20.415,82 euros
604/2016	13/04/2016	Aprobar as facturas, recoñecer e liquidar cadansúas obrigas (EJCE, S.L. e máis), por importe total de 149.749,19 euros
605/2016	14/04/2016	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 18 de abril de 2016
606/2016	14/04/2016	Expedientes sancionadores de tráfico: DR 3519 A12

5º.- Informes doutros asuntos de área

Informes do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos e Servizos Sociais

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez dá conta dos seguintes asuntos:

- Reunión coa fundación Agulleta, equipo de atención psicosocial, que presentaron o programa de intervención en violencia de menores e adolescentes.
- Reunión coa fundación da universidade da Coruña, programa de prácticas para licenciados alumnos FP II, de duración de tres meses a un ano como máximo. Remunerados. Asinarase un convenio de colaboración e o Concello realizará a selección. Traballan para os Concellos de Ferrol e Carballo.
- O propietario do taxi adaptado don Eladio Lamela solicita unha subvención.
- Reunión cos representantes das organizacións sindicais para informar que cos orzamentos do ano 2016 non se levará ningunha modificación respecto do cadro de persoal. Nun vindeiro pleno se presentarán as sentenzas que hai respecto del.
- Reunión cun representante da asociación de veciños do Temple para tratar temas do centro de saúde do Temple e do servizo de pediatría en quenda de tarde. Agracede o posicionamento do Concello nestes temas.
- Avaliarán a incorporación dunha camioneta para a Concellería de Cultura, nunhas condicións especiais, que se estudarán.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 13 de abril mantivo unha reunión coa responsable do departamento ADL co fin de ver o documento do orzamento municipal 2016 e comprobar as partidas orzamentarias do departamento nas distintas materias.
- O día 14 de abril.
- Ás 10.00 reunión coa técnica AEDL Beatriz Castro para falar sobre o estado da tramitación da licitación da feira do Temple.



- Ás 12:00 reunión coa técnica de Promoción Económica Carmen Pita para poñerse ao corrente das reunións cos comerciantes do Temple.

-

- O día 15 de abril :

- Ás 10:30 horas reunión coa concelleira delegada da área de Sanidade e a responsable da ADL para falar sobre a posibilidade de impartir un curso para sacar o carné fitosanitario que na actualidade están esixindo aos vendedores de produtos de horta e polo tanto hai moita demanda. Falouse cos Concellos de Arteixo e Culleredo que na actualidade están traballando neste tema.

-Ás 11:30 horas recepción a Fernando Ulloa, campión de España no 2015 na categoría máster de judo da copa internacional, no salón de plenos da casa do concello.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación

Dona María Jesús Gómez González dá conta dos seguintes asuntos:

- Luns día 11, visita a o CEIP de Sigrás, para ter en conta as obras de reparación e conservación a realizar no verán 2016.

- Luns día 11, ás 18:15 Consello escolar do CEIP de Brexo-Lema.

- Luns día 11, ás 19:00 Consello escolar do CEIP de Cambre.

- Martes día 12, ás 17:00 inauguración do curso de horta ecolóxica encadrado no Proxecto de Labrega Social do Voluntariado.

- Xoves día 14, visita a o CEIP de Cambre para anotar as obras de reparación e conservación a realizar no verán 2016

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Tradicións Populares e Deportes

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- Paula Carballeira nas bibliotecas:

- O mércores, día 13 de abril, na biblioteca central, coa asistencia de 19 nenos e 16 adultos.

- O xoves, día 14 de abril, na biblioteca dos Templarios: coa asistencia de 65 nenos e 10 adultos.

- O venres, día 15 de abril, na biblioteca Xabier. P. Docampo, coa asistencia de 18 nenos e 10 adultos.

- Faladoiros nas parroquias:



- O martes, día 12 de abril, faladoiro sobre a primeira romaría galaico-romana coa asociación xuvenil Urbilar do Temple, ás 20.30 horas na Casa das Palmeiras.
- O sábado, día 15 de abril, faladoiro sobre a primeira romaría galaico-romana no local social de Pravio, ás 17.30 horas.
- O domingo, día 16 de abril, faladoiro sobre a primeria romaría galaico-romana no Apeadeiro de Cecebre.
- O xoves, día 14 de abril, ciclo de conferencias literarias na Casa da Cultura, dedicado á escritora Elena Galván.

Informes da concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade

Dona Josefa Vázquez Soto dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 12 de abril asistiu ao consello escolar do IES David Buján, en Sigrás.
- O día 16 de abril, curso de novos voluntarios de Protección Civil.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Juan Evaristo Rodríguez Vázquez

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia